



## 2 Novo acordo retributivo

Que non te enganen os que só presentan os números  
Comparativa acordo sindical/acordo asinado  
Outros acordos asinados este mesmo ano  
A nosa situación retributiva nos vindeiros anos



## 3 Catálogos de Infantil e Primaria

Os novos catálogos  
O proceso seguido  
O profesorado afectado  
No vindeiro concurso de traslados, o STEG esixirá...



## 4 A F.P.E. a gran esquecida Desenvolvemento da LOCE en Galicia O sexismo da LOCE V Congreso STEG



- Os números non enganar  
- Pero poden enganar os que os fan

### INICIO DE CURSO 2003/2004

#### O QUE DI O CONSELLEIRO

Santiago, 10 de setembro en rolda de prensa

#### O QUE DECIMOS NÓS

En <b>Infantil</b> hai 859 alumnos/as máis o que implica un aumento do 1,5%	Cos novos catálogos suprimense 69 unidades deste ciclo
<b>Primaria</b> 785 alumnos/as menos	Suprimense máis de 500 unidades
Por 1ª vez baixa máis o alumnado na privada que na pública	A pesar diso na pública redúcense unidades e na concertada autorízanse máis unidades ano tras ano
Atribuíu a <b>diminución de 103 unitarias e de 802 unidades</b> educativas "non por gusto senón por tratar de racionalizar o sistema educativo galego"	Pensamos que cando falamos de ensino non todo ten que ser rendabilidade económica, especialmente no medio rural.
Educación trata de reaxustar a <b>ratio</b> alumno/profesor	Podía aproveitar e reaxustar as ratios alumno/aula especialmente en infantil e en aulas con alumnado de distintos niveis
Destacou que os profesores galegos teñen cada vez <b>menos horas lectivas</b> e máis posibilidades para ampliar a formación	Que llo pregunten ao profesorado de Infantil, ademais cos catálogos na man o profesorado que imparte nos centros de unha ou dúas unidades ten 25 h. lectivas á semana
Este ano conta con <b>dous días lectivos máis</b>	Desde o ano 96 aumentaron 10 días en primaria e 16 en secundaria somos a comunidade que máis días lectivos ten en primaria, 181.
Cobraremos <b>1200 euros máis</b> ao ano	Seguiremos a ser os peor pagados do Estado polo menos ata xaneiro do 2006
<b>FP.</b> Adaptar a oferta educativa o mercado laboral. Non ten sentido aumentar a oferta en informática ou en novas tecnoloxías para que haxa parados no futuro	Por un lado non se ofertan na rede pública e por outro segue a concertarse ciclos con entidades privadas
<b>Privada.</b> "As inversións da consellería no ensino privado nos últimos anos debéronse a necesidade de adaptar a lexislación pola ampliación da idade do ensino obrigatorio"	Menos mal que recoñece o esforzo da Consellería a prol do ensino privado. Nos últimos anos foi pola ampliación ata os 16 anos e nos vindeiros será pola gratuidade da infantil



Unha vez máis, a Consellería de Educación, facendo caso omiso ás reivindicacións das Organizacións Sindicais, perde unha ocasión histórica para que a Escola Pública Galega de un paso adiante e publica un novo catálogo e uns cadros de persoal que, lonxe de contribuír á mellora da Calidade do Ensino, o que fan é aumentar a desigualdade entre centros, profesorado e alumnado .

### Os novos catálogos

Non se trata dun cambio de catálogos no máis amplo sentido da palabra, senón dunha modificación dos anteriores, sempre á baixa e que, en ningún caso, recolle as reivindicacións das distintas Organizacións Sindicais, porque:

- ⚡ Non se contempla a redución de xornada a 18/20 horas, senón que se seguen a aplicar os cadros a partir de 25 horas.
- ⚡ En canto ós cadros de persoal, non se respectan as Unidades de cada centro (un/unha xeneralista por unidade).
- ⚡ Só se contempla 1 posto de traballo de PT, tanto en centros de 4 Unidades, como nun de 30.
- ⚡ O posto de traballo de AL haberá só a partir de 14 Unidades e ata 30.
- ⚡ Nos CEIP só existe 1 posto máis de EI, a partir de 3 unidades independentemente do número de unidades que teña desta especialidade.

A circular Nº 8 esquece recoller un aspecto importante no que se tiña avanzado na última proposta da Consellería nas negociacións coas Organizacións Sindicais, como era a ratio de 16 alumnos cando sexa preciso xuntar na mesma unidade alumnado de distinto nivel. Neste momento, a nivel legal, a ratio podería chegar a 25 alumnos/as por aula.

### O proceso seguido

A situación , agrávase aínda máis polo proceso seguido xa que:

- ⚡ Publícase a finais de xuño o que fai imposible, en moitos casos, a localización de todo o profesorado afectado para proceder a posibles supresións cun mínimo de garantías.
- ⚡ Todo o profesorado afectado entérase da súa situación, no mellor dos casos, só con dous meses de antelación ó inicio do novo curso, (tratándose ás veces de persoas de máis de 60 anos e con moitos anos de servizo no centro que, sen previo aviso, se enteran da perda do seu posto de traballo).
- ⚡ Non se lle garante permanecer no propio centro nin temporalmente.

Entre outras incongruencias da circular:

- ⚡ As supresións fixéronse efectivas de xeito inmediato mentres que, os poucos incrementos de postos que se contemplan, dise que se cubrirán de xeito progresivo.

## O profesorado afectado

### Profesorado suprimido

Para o corpo de mestres/as, no caso de que existan varias persoas afectadas por unha posible supresión, o procedemento a seguir será o de consultar, por orden de antigüidade no centro, quen voluntariamente opta por quedar suprimido. Se non hai profesorado voluntario, suprimírase forzosamente a persoa con menos antigüidade. (Para o profesorado do ensino secundario o procedemento é o mesmo pero por antigüidade no corpo.)

O profesorado que teña suprimido o seu posto de traballo:

Queda na situación de Propietario/a Provisional, podendo optar, en primeira instancia, a posto de traballo no centro ou zona da que procede, ou ir á lista de provisionais. Ten a obriga de participar en todos os C. de Traslados mentres permaneza nesa situación. No Concurso Xeral de Traslados, poderá facer uso do DEREITO PREFERENTE ao seu centro (readscripción), localidade ou zona. Decáese neste dereito se non se exerce todos os anos (agás que non haxa vacante).

De non exercer o dereito preferente, serán destinados de oficio transcorridas as próximas seis convocatorias.

Ao profesorado suprimido con anterioridade, empézalle a contar de novo a partir do próximo concurso.

A efectos de puntuación para o Concurso, terán dereito a que se lle acumulen os servizos prestados con carácter definitivo no centro anterior.

Unha vez acadado o destino definitivo non perde a puntuación.

### Profesorado definitivo

Aféctalle, sobre todo á gran cantidade que está tentando acumular puntuación para acadar un destino mellor porque ven como, xa á marxe da drástica redución de postos de traballo, son superados, en moitos casos, polo colectivo de xente suprimida xa por dereito preferente ou por puntuación.

### Profesorado provisional

A situación agrávase aínda máis, pois cada vez aumentábase o nº de anos nesta situación e, ademais, os postos de traballo a que poden optar cada ano son menos e peor situados

### Profesorado interino

Teñen moitas menos posibilidades de traballar ó reducirse o nº de postos de traballo e, por enriba, ó quedar moita xente suprimida que pide destino provisional ocupando postos ós que eles poderían ter acceso.

### Máis números

Segundo Celso Currás, este ano péchanse 103 unitarias e funcionarán 802 unidades menos. Dende 1998, levamos perdidas 1.049 unidades Os incrementos afectan tan só a FI, 20 prazas e a AL, 40 prazas netas. En total pérdense máis de 550 postos de traballo.

### No vindeiro Concurso de Traslados, o STEG esixirá:

- Que se oferten todas as prazas novas que resulten da aplicación dos catálogos
- Que se oferten todas as vacantes do 1º Ciclo da ESO Dado que non podemos seguir pedindo a cegas, especialmente o profesorado que pode exercer o dereito preferente:
- Que as vacantes sexan coñecidas con anterioridade ao concurso

# STEG

web: [www.stegsindicato.org](http://www.stegsindicato.org)

E-mail: [steg@stegsindicato.org](mailto:steg@stegsindicato.org)

### Sedes:

**A Coruña-Santiago**  
Avda. Rosalía de Castro, 29  
Gal. Belén, local 209  
15706 Santiago  
Tfno. 981591939  
[corunha@stegsindicato.org](mailto:corunha@stegsindicato.org)

**Lugo**  
r/Bolaño Rivadeneira, 20 2º B  
27001 Lugo  
Tfno. 982240066  
[lugo@stegsindicato.org](mailto:lugo@stegsindicato.org)

**Ourense**  
r/ Sto Domingo, 60.  
Galerías Xesta, entrechán, local 1  
3005-Ourense  
Tfno. 988252323  
[ourense@stegsindicato.org](mailto:ourense@stegsindicato.org)

**Pontevedra**  
r/Xeral G. Mellado, 3  
Galerías Oliva, 1-3º  
36001 Pontevedra  
Tfno. 986857545  
[pontevedra@stegsindicato.org](mailto:pontevedra@stegsindicato.org)

### Confederación STES-i

web: [www.stes.es](http://www.stes.es)

E-mail: [stes@stes.es](mailto:stes@stes.es)

## BOAS NOVAS!!!

### XA ESTÁ FUNCIONANDO O LOCAL DO STEG-CORUÑA!!

No local 209 das Galerías Belén en Compostela estamos para atender dúbidas e recoller suxestións Ilda Lortes e Concha Fernández. Empezamos con ganas e ilusión e esperamos que o noso traballo sexa útil para mellorar a función docente e a calidade do ensino público galego. Se queres achegarte ao local estamos de luns a venres en horario de 10h. a 13h e os mércores de 17h a 19h na Avda. Rosalía de Castro, 29, Galerías Belén, local 209, Santiago. Tamén te podes poñer en contacto con nos no enderezo electrónico: [corunha@stegsindicato.org](mailto:corunha@stegsindicato.org), no teléfono: 981 59 19 39 ou no apartado de correos 415.

### NOVO LOCAL EN OURENSE

Despois de 15 anos situados na R/ Arcediagos, aínda que con moita morriña, pero co gallo de mellorar as instalacións e a atención tanto á afiliación coma ao resto das compañeiras e compañeiros que o desexen, decidimos cambiar a sede do STEG en Ourense. O novo local está na R/ SANTO DOMINGO, 60 - GALERÍAS XESTA-ENTRECHÁN, LOCAL 1. Esperamos ter acertado na decisión e que vos resulte a todas e todos máis cómodo acercarnos ao novo local.

AGARDÁMOSTE!!!

## A F.P.E. a gran esquecida

Mentres seguimos a espera da implantación real e efectiva do Sistema Integrado de Formación Profesional, pendente aínda da publicación da orde que regula e crea os Centros Integrados, a Consellería segue mantendo a súa política restrinxida polo menos no relativo os ciclos formativos da rede pública.

Na resolución que dicta as instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de Formación Profesional Específica (F.P.E.) no curso 03-04 mantéñense as condicións dun único grupo por centro e ciclo e límitase o número máximo de alumnos por grupo a 30 como norma xeral, e a 22 naqueles nos que polo tipo de formación serían precisos desdobres, sen ter en conta que neste computo non se contabilizan os estudantes repetidores. Outra política ben diferente caracteriza a Consellería no que atinxe a oferta privada ou concertada destes estudos. Sorprende a xenerosidade coa que autoriza a implantación de ciclos en academias e colexios privados, que se nutren da gran cantidade de rapaces e rapazas que non acadan unha praza na rede pública. Chega con botar unha ollada aos xomais galegos para comprobar que están repletos de anuncios nos que os centros privados garanten unha formación de calidade, reconhecida e avalada pola Consellería, ademais dunha ampla oferta laboral logo de rematalos estudos.

Nós e os profesores e profesoras de F.P.E., preguntámonos:  
¿ Acaso non debe ser a Consellería de Educación

quen oferte unha F.P.E. pública axeitada as necesidades e demandas do contomo productivo de servizos?

¿ Acaso non debe ser a Consellería de Educación quen asuma as competencias na inserción sociolaboral dos/as especialistas formados na F.P.E., firmando convenios de Formación en Centros de Traballo e/ou orientando e apoiando con recursos, iniciativas e proxectos de innovación?

Xa que a Consellería non asume unha parte das súas competencias deixándoas en mans de centros privados seguimonos preguntando:

¿ Que seguimento e control fai a Consellería de Educación das condicións e da "calidade" das ensinanzas ofertadas en tantos e tan variados centros privados e/ou concertados "homologados"? E xa que logo, ¿ que garantías teñen as/os estudantes que, en moitos casos por falta de praza na rede pública, cursan estudos especializados nese tipo de centro?

Non temos resposta a estas preguntas pero é recomendable estar alerta porque si parece claro que a Consellería non ten presa ningunha en aclararnos como se vai desenvolver o Plan Galego de F.P., con que recursos financeiros conta, como se organizan os Centros Integrados, que pasará cando non exista Fondo Social Europeo, etc. Sen embargo, fáltalle o tempo para abrir a caixa das privatizacións e repartir o pouco que queda de Fondo Social Europeo. Compre estar alerta.

## A LOCE

### DESENVOLVEMENTO DA LOCE EN GALICIA

No DOG do 15 de setembro (orde 25 agosto) díctanse as instrucións sobre a avaliación na educación secundaria coas seguintes novidades

- No mes de setembro realizarase unha proba extraordinaria das materias non superadas en xuño.
- Se o número de materias non superadas é superior a 2 entón repítese o curso.
- Cada curso só se pode repetir unha vez.
- Pódese obter o título de maneira excepcional cando teñan 1 ou 2 materias non superadas sempre que non sexan simultaneamente matemáticas, lingua galega ou lingua castelá e literatura.
- Desaparece o concepto de ciclo.

### O SEXISMO DA LOCE


A LOCE, en todo o seu texto usa exclusivamente o xénero masculino, ocultando e invisibilizando ás mulleres.. A LOCE reconece por omisión que o sexo pode ser causa de discriminación na admisión do alumnado. A LOCE esixe eleccións vocacionais temperás que resultan sempre marcadas polos estereotipos de xénero. A LOCE ignora a perspectiva de xénero en Educación A LOCE esquece a educación afectiva e sexual A LOCE omite a formación do profesorado en temas de coeducación. Desde a **Secretaría da Muller do STEG** xunto con outras organizacións estamos tratando de pór en marcha unha Campaña de Denuncia do nesgo sexista que preside a mal chamada Lei de Calidade do Ensino. Ponte en contacto con nós se tes interese en participar na súa preparación.

Na nosa web: [www.stegsindicato.org](http://www.stegsindicato.org), podes atopar todos os decretos publicados sobre a LOCE (calendario de aplicación, Ed. Preescolar, Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato, EOI, probas de acceso á universidade e documentos de avaliación), así como os proxectos de R.D. que logo serán publicados (inspección educativa, título de especialización didáctica, requisitos mínimos dos centros e acceso á función pública, cátedras, concurso de traslados e acceso aos corpos docentes)

**A alternativa autónoma e asemblearia**

Pola Escola Pública Galega

**V CONGRESO**



Non lo podedes vltra a opa a nustras nos e nosta. O gopari copari nel est i dabilindo hal alo pro bati

Lugo, 28 e 29 de novembro

Sindicato de Traballadores e Traballadoras do Ensino de Galicia

### A alternativa autónoma e asemblearia

"Admitir a imposibilidade de buscar alternativas é o mellor indicio do grao de avance do conservadurismo. Mais tamén é sinal de un tapar os ollos ante a variedade de reaccións que se deixan notar a pouco que observemos de vagar a realidade"

Juño Torres, *Educación en tiempos de neoliberalismo* (2001)

Os días 28 e 29 do vindeiro mes de Novembro as persoas que facemos parte do STEG ímonos reunir en Lugo en convocatoria congregual. Como xa ven sendo habitual, cada catro anos pasamos revista á nosa actividade e ao devir dos acontecementos, e ao tempo tracexamos as liñas futuras de actuación do sindicato. Este congreso celebrarase coa música bélica e os desastres ecolóxicos como panos de fondo, mais non por isto imos deixar de pasar revista á situación da educación no momento presente e con vistas ao futuro, así como o papel do noso sindicato nunha sociedade galega que demanda cambios e que precisa cidadás e cidadáns formados e solidarios.

Agardamos a vosa participación neste V Congreso; de terdes intención de tomar parte nel, poñédevos en contacto canto antes con algunha das sedes do STEG ou ben por correo electrónico.